

IV EDICIÓN "SAN RAMÓN"

CARREIRA POPULAR NOCTURNA

VILALBA AÑO 2018

O Clube Atletismo Vilalba organiza a cuarta edición da **Carreira Nocturna San Ramón**, correspondente ao ano **2018**. O evento terá unha duración aproximada de 3.5 horas dende as 20:30 h. da tarde, ata as 12h. da noite do 18 de agosto de 2018.

En tódalas probas (categoría menores e absoluta) será de uso obrigatorio o chip de cronometraxe fornecido pola organización, exceptuando os propietarios do chip amarelo que utilizarán o seu. O dorsal debe estar colocado visiblemente na parte dianteira do corredor/a, sen sufrir manipulación algunha.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables de danos morais ou materiais que a si mesmos ou outras persoas ocasionen os participantes das carreiras.

A proba celébrase no núcleo urbano, polas distintas rúas de Vilalba, sendo a saída e a chegada, na Praza da Constitución para todas as categorías. As categorías divídense en dous bloques:

CATEGORÍA MENORES. (as probas darán comezo ás 20.30 h cos máis pequenos e sairán de xeito consecutivo, serán cronometradas mediante chip sen custo para os participantes):

CATEGORÍA +5-----nados/as entre 2013 y 2012 (ambos incluídos)

CATEGORÍA +7-----nados/as entre 2011 y 2009 (ambos incluídos)

CATEGORÍA +10-----nados/as entre 2008 y 2006 (ambos incluídos)

CATEGORÍA +13-----nados/as entre 2005 y 2003 (ambos incluídos)

PERCORRIDOS:

Categoría + 5 -----250 metros (aproximadamente)

Categoría + 7 -----600 metros (aproximadamente)

Categoría + 10 -----900 metros (aproximadamente)

Categoría +13 -----1600metros (aproximadamente)


CATEGORÍA + 5 (250m)

Saída da Praza da Constitución → Rúa de Galicia → Rúa de Xosé María Chao Ledo e volta á meta por Rúa dos Pepes.




CATEGORÍA +7 (600m)

Saída da Praza da Constitución → Rúa de Galicia → Rúa Xosé María Chao Ledo → Aparcadoiro Subterráneo → Rúa Novo Cazón → Rúa Luis González Valdesuso, e volta por Rúa Basanta Silva.




CATEGORÍA +10 (900m)

Saída da Praza da Constitución → Rúa da Pravia → Rúa Campo de Ponte y volta á meta por Rúa Basanta Silva.



CATEGORÍA +13 (1600m)

Saída da Praza da Constitución → Rúa da Pravia → Rúa Campo de Ponte → Rúa de Muras → Rúa de Foz, volta á meta por Rúa Basanta Silva.




CARREIRA ABSOLUTA. (5000 m. aproximadamente) Para corredores nados en 2002 e anteriores e sen límite de idade.

CATEGORÍA XUVENIL-----de 16 a 18 anos de idade (ambas incluídas)
CATEGORÍA SENIOR-----de 19 a 34 anos de idade (ambas incluídas)
CATEGORÍA VETERANOS A-----de 35 a 44 anos de idade (ambas incluídas)
CATEGORÍA VETERANOS B -----de 45 a 54 anos de idade (ambas incluídas)
CATEGORÍA VETERANOS C-----de 55 anos de idade en adiante.

PERCORRIDO: Saída ás 22.00 horas da Praza da Constitución → Rúa Galicia → Rúa Nova → Praza de San Xoan → Rúa Roxeira → Praza Coronel Pena → Rúa Valeriano Valdesuso → Praza Sta. María → Rúa Porta de Cima → Rúa As Pontes → Rúa Cidade de Vivero → Rúa Castelao → Campo Redondo ata inmediacións Polígono Industrial Sete Pontes, onde se realizará un xiro de 180 grados para retornar por Campo Redondo → cruzar Rúa Campo de Ponte → Rúa Muras → Rúa Cospeito → Rúa da Revolta → Rúa Ribadeo → Rúa Basanta Silva e meta na Praza da Constitución.

CATEGORÍA ABSOLUTA



INSCRICIÓN.

Dous xeitos de facer as inscricións:

1. **INSCRICIÓN “EN LIÑA”** na páxina web de CHAMPION CHIP NORTE

www.championchipnorte.com

Poderanse facer ata o mércores 15 de agosto (incluído), para todas as categorías.

2. **INSCRIPCIÓN PRESENCIAL** dende o 16 de xullo de 2018, e ata o mércores 15 de agosto (incluído) en:

- Tenda de deportes MoveT, sita en rúa Benxamín Paz 7 Baixo, 27800 Vilalba (Lugo), en horario comercial.

PREZOS DE INSCRIPCIÓN:

As categorías **menores** serán **gratuítas**.

A **Carreira Absoluta** terá un custo de **3 euros** (máis aluguer do chip quen non o teña en propiedade).

ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE:

Os dorsais e os chips de cronometraxe entregaranse o día da proba (18 de agosto de 2018) dende as **17:30h** nos mostradores da Praza da Constitución **ata as 20:30h**.

PREMIOS CATEGORÍAS MENORES:

- Medalla de participación para todos os nenos das categorías +5, +7.

- Categorías:

-1º/1ª CLASIFICADO/A -----TROFEO.

-2º/2ª CLASIFICADO/A -----TROFEO.

-3º/3ª CLASIFICADO/A -----TROFEO.

PREMIOS CARREIRA ABSOLUTA:

-1º/1ª CLASIFICADO/A -----TROFEO + 150€.

-2º/2ª CLASIFICADO/A -----TROFEO + 100€.

-3º/3ª CLASIFICADO/A -----TROFEO + 50€.

-1º/1ª CLASIFICADO/A VILALBÉS -----TROFEO.

-2º/2ª CLASIFICADO/A VILALBÉS-----TROFEO.

-3º/3ª CLASIFICADO/A VILALBÉS-----TROFEO.

TROFEO ós tres primeiros clasificados de cada unha das cinco categorías da carreira absoluta.

ENTREGA DE TROFEOS: farase unha vez rematada a carreira absoluta as 23:15 horas.

BOLSA DO CORREDOR para tódolos participantes da carreira absoluta.

AGASALLO para os **150 primeiros inscritos** da carreira absoluta, na modalidade de "INSCRICIÓN EN LIÑA" na páxina web de CHAMPION CHIP NORTE www.championchipnorte.com

INFORMACIÓN DE INTERESE:

-GARDARROUPA: Todos os corredores poderán facer uso do servizo de gardarroupa habilitado pola organización.

-DUCHAS: Rematada a proba estarán a disposición dos participantes as duchas dos vestiarios do Pavillón Municipal de Deportes sito no Campo da Feira.

-AVITUALLAMENTO : Ó remate das probas haberá zona de avituallamento para mitigar o cansazo.

-APARCADOIROS: Zona de aparcadoiro no Campo da Feira, Rúa Benxamín Paz, Rúa Abadín e Rúa Guitiriz.